



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 2

Sesión Plenaria
8 de novembro de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único. Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.

SUMARIO

Ábrese a sesión ás nove e trinta e catro minutos da mañá.

O señor presidente abre a sesión e prégalle á señora secretaria da Mesa do Parlamento que dea lectura á orde do día. (Páx. 4.)

A señora secretaria da Mesa do Parlamento (Arias Rodríguez) le a Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 28 de outubro de 2016, relativa á proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia. (Páx. 4.)

Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia. (Punto único da orde do día.)

O señor candidato a presidente da Xunta de Galicia (Núñez Feijóo) expón o seu programa de goberno. (Páx. 4.)

Suspéndese a sesión ás once e vinte e tres minutos da mañá.

Ábrese a sesión ás nove e trinta e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días a todos e a todas.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento* do día 4 de novembro de 2016. Prégolle á señora secretaria que dea lectura á orde do día.

A señora SECRETARIA (Arias Rodríguez): Grazas, presidente.

«Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 28 de outubro de 2016, relativa á proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no apartado 3º do artigo 15, establece a obriga da Presidencia do Parlamento de iniciar as correspondentes consultas coas forzas políticas representadas na Cámara co obxecto de formular a proposta dun candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

En aplicación do referido precepto e do artigo 16 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e do artigo 136, no seu apartado 1º, do Regulamento do Parlamento de Galicia, logo de consultar as forzas políticas con representación parlamentaria e oída a Mesa, a Presidencia proponlle á Cámara como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia o deputado don Alberto Núñez Feijóo.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2016.

Miguel Ángel Santalices Vieira, presidente.»

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección

O señor PRESIDENTE: Entramos, polo tanto, na orde do día. E agora prégolle tamén á señora secretaria que dea lectura á resolución da Presidencia relativa á proposta de candidato á Presidencia da Xunta. *(Pausa.)*

Está lida pola secretaria. O que pasa é que o primeiro punto, evidentemente, é «Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección», que era o punto único da orde do día.

Polo tanto, agora propoñemos a exposición do programa polo candidato á Presidencia da Xunta de Galicia. Non ten límite de tempo e ten para iso a palabra o candidato para a exposición do seu programa. Cando queira.

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor presidente; señoras e señores deputados do Bloque Nacionalista Galego, do Partido Socialista de

Galicia, de En Marea e do Partido Popular de Galicia; autoridades presentes na tribuna que nos honran coa súa presenza; galegos e galegas, por Galicia, porque creo nela e no seu futuro; para Galicia, porque non hai maior honra que servila; e en Galicia, porque os cidadáns me marcaron este camiño ao darme o privilexio de poder aspirar á confianza maioritaria desta Cámara por terceira vez; motivado, impulsado e lexitimado polas galegas e polos galegos, por iso estou aquí.

Comprenderán que, na esfera máis íntima, despois de presentarme tres veces como candidato a presidir Galicia e ver ademais ampliado o respaldo cidadán, haxa un sentimento de gratitude e emoción que resultan moi difíciles de describir. Permítanme resumilo dicíndolles que despois de todo este tempo, despois de vivir desde esta posición éxitos e sinsabores da miña terra, que sempre celebrei e sufrín con ela, me presento a esta sesión de investidura como un militante de Galicia.

Pero, máis alá do persoal, o primeiro que quixera manifestar é un sentimento que todos podemos ou, cando menos, debemos compartir: presento en nome de todos o noso respecto a Galicia, á súa forma de ser, á súa maneira de pensar e ao seu xeito de decidir.

Señorías, eu estou aquí tras lograr o apoio de novos e de vellos, de galegos do rural e do ámbito urbano, de persoas que sofren e persoas que teñen unha vida máis próspera, e vostedes tamén. Galicia non se divide por idade, condición ou procedencia homologables a unha ou outra forza política.

Fóra desta Cámara hai unha Galicia ceiba que, en efecto, elixiu libremente as persoas que estamos aquí e a intensidade coa que cada unha das forzas políticas está representada. É unha Galicia plenamente autónoma, como pon de manifesto, sen ir máis lonxe, que o resultado electoral do pasado 25 de setembro deixe neste Parlamento a única maioría absoluta que existe nunha comunidade autónoma en España.

Ser unha excepción non creo que vaia supoñerme, se obteño a confianza da Cámara, ningunha prerrogativa respecto aos meus homólogos autonómicos nin ao recentemente investido presidente do Goberno de España. Síntome actor partícipe dun momento histórico que exige acordos con máis intensidade que nunca.

Na miña opinión, o que verdadeiramente representa o resultado electoral é un temperamento. Un temperamento que os cidadáns expresaron nas urnas con contundencia. De forma maioritaria, a nosa xente non quere leas e si estabilidade; si Goberno pronto e non máis demoras; si unidade, en Galicia e co resto de España, en lugar de máis división; e en vez de axitación, elixe, si, moderación.

Galicia decidiu serena, pero contundentemente, o seu propio rumbo e desmarcouse da incerteza que parou España nos últimos meses. A nosa obriga é seguir o seu mandado e o seu exemplo, e por iso eu propono darlles as respostas que nos piden, comezando por este Parlamento.

Porque, señorías, moitos anos despois de que os pais do galeguismo fixesen unha síntese memorable do que somos —Galicia, un pobo, unha terra, unha fala—, habería que engadirille

un elemento máis que nos distingue, nos agrupa e nos fai máis fortes: Galicia, un pobo, unha terra, unha fala e un Parlamento. Lembro estes antecedentes para reivindicar a casa que nos acolle a todos. Habitamos os soños dos nosos devanceiros.

Simplemente iso debería servir para valorar esta institución, máis aínda cando a democracia representativa sofre ataques ou menosprezos. Hai parlamentos que son pechados, asaltados ou rodeados por aqueles que coinciden en outorgarse unha representatividade que ninguén lles deu, porque o único lugar onde se pode conseguir é nas urnas. Por iso aspiro a que o que se defenda aquí sexa o acordo ou o desacordo, pero nunca a agresión a esta Cámara. Porque quen despreza un representante do pobo aquí, desprézase a si mesmo, pero, sobre todo, está tamén a desprezar o pobo. *(Aplausos.)*

Non volvamos, señorías, recorrer nesta lexislatura a comportamentos que non definen unha sociedade. A nosa nada ten que ver co incivismo e a ofensa gratuíta. Iso non é o que nos legaron os nosos devanceiros, non é o que practican con carácter xeral os nosos coetáneos, e tampouco é o que elixiron nas pasadas eleccións autonómicas.

Señorías, Galicia decidiu claramente estabilidade e decidiu claramente moderación. Non o digo para vangloriarme da vitoria electoral do meu partido, e moito menos de min como candidato. Ten maior apoio quen máis se aproxima ao modelo social e político que os galegos veñen construíndo e renovando desde hai moito tempo. Porque aquí mantense intacto un modelo propio, non importado, nin copiado nin imitado. Un modelo no que Galicia se reconece a si mesma e se reivindica en España e en Europa.

Señorías, ese modelo de país, que eu defendo e que aspiro a representar como presidente da Xunta, parte do orgullo de Galicia. Ese orgullo é permanente. Sentímolo ao vérmonos apoiados, como agora, por maiorías elocuentes, pero tamén cando nos vemos privados, como non hai tanto tempo, do apoio suficiente para gobernar. A gran diferenza con outras concepcións é que, diante dos resultados adversos, non preguntamos en que se equivocou a xente, senón en que nos equivocamos nós. Somos autocríticos e tentamos emendar os erros que nos sinalan os cidadáns; do mesmo xeito que sabemos que as vitorias non nos eximen de facer o mesmo.

Non cremos, en definitiva, que o despotismo ilustrado sexa unha boa receita para a Galicia do século XXI. Todo para o pobo escoitando o pobo, adaptándonos ao pobo e co pobo. E, sobre todo, respectando sempre, sempre, sempre a súa idiosincrasia e a súa opinión.

Señorías, fronte aos que aínda pensan que Galicia é unha sociedade inmadura, ignorante ou alienada en mans dalgunha forza allea que move os nosos fíos como se fose unha marioneta, nós vemos con admiración como o noso pobo decide por si e para si. Tamén como decidiu, hai pouco máis dun mes, en medio dun barullo nacional, impoñer o seu particular sentimento e sentidíño.

Ese pobo componse de persoas concretas, con problemas concretos e inxedanzas concretas. Sei que moitas delas ven ameazada a súa liberdade individual por problemas de todo tipo. Hai galegos que sofren pola falta de emprego ou de recursos suficientes para tirar dos seus

seres máis queridos. Hai galegas que sofren pola ameaza da violencia machista. Hai galegas e galegos que sofren pola enfermidade ou polas condicións dos países aos que emigraron, como está ocorrendo en Venezuela. As persoas que máis sofren —polo motivo que sexa— son a nosa primeira preocupación e o noso principal compromiso. (*Aplausos.*) Falo novamente en plural, porque sei que esa afirmación conta co apoio unánime desta Cámara. O desexable é que tamén tentemos lograr esa alianza non só na capacidade para conmoernos ante a dor dos nosos compatriotas, senón tamén na capacidade de darlles respostas.

Por iso, propoñolles desbotar de inicio unha falacia que, ao meu modo de ver, os cidadáns castigaron nas urnas. Os galegos non lle reclaman á política paraísos artificiais, senón solucións aparentemente máis modestas pero que saben que son as que cambian realmente a vida das mulleres e dos homes.

Con carácter xeral, a nosa xente é consciente de que o futuro non é unha ficción que se fabrica, senón unha realidade que se comparte e se moldea. Partindo desa base, señorías, o que lles propoño é traspasar a este Parlamento a excepción do resultado electoral de Galicia cun comportamento político que tamén sexa excepcional: traballemos xuntos. Trallemos xuntos para sacar do noso debate conclusións frutíferas, en lugar de trazar labirintos verbais que non teñen saída nin, por suposto, utilidade para os cidadáns.

Contar coa única maioría absoluta dunha comunidade en España dálle a Galicia unha forza indiscutible para afrontar os debates que están por abrirse en España. A miña determinación é aproveitala cunha participación activa en todos eles, especialmente respecto do novo modelo de financiamento autonómico, sobre o que logo me estenderei. Pero xa lles digo e xa lles pido —sobre todo pídolles— que sumen, porque o pacto entre nós fará que, ademais de protagonista, a voz dos galegos sexa inapelable.

Señorías, co nivel de incerteza que pesa actualmente sobre a política e sobre o proceder futuro de moitos partidos políticos que tamén teñen representación nesta Cámara, creo que os cidadáns teñen unha esperanza bastante limitada sobre a posibilidade de que alcancemos moitos pactos. Propoño que desde Galicia os sorprendamos, ou, mellor dito, que os imitemos. Porque da mesma maneira que cidadáns que votaron diferente son capaces de traballar xuntos todos os días, os seus representantes aquí deberíamos teimar por facer algo semellante.

Tal como entendo, a maioría debe de ser unha ferramenta inclusiva e non exclusiva; esa é, desde logo, a miña disposición. É de esperar que os representantes das minorías compartan este principio. Pola miña parte, trasládolles a total convicción de que a maioría non me outorga ningún don de infalibilidade. Dubido, erro, e tamén algunhas veces creo que acerto. En consecuencia, gustaríame que as minorías non se sintan hipotecadas por ningún xuramento de oposición sistemática que faga do debate parlamentario un exercicio estéril.

O apoio obtido en Galicia polo grupo que represento é excepcional, certamente. É un resultado único no conxunto de España. Pero a miña vontade é que esta maioría absoluta sexa unha maioría aberta; unha maioría aberta a todos os galegos, con independencia do que votasen, porque poden ter a seguridade de que haberá un goberno autonómico que traballará

para todos. E unha maioría aberta tamén para vostedes neste Parlamento, con independencia do Partido ao que pertencen, porque sempre terán a miña man tendida para sumarse nas solucións ao gran consenso político e social que se produciu nas urnas o 25 de setembro.

Porque, señorías, o tempo novo que se abre ao mesmo tempo que esta décima lexislatura, agora que comezamos a superar a crise e consolidar a recuperación —insisto en que comezamos—, trae retos estruturais que exixen de nós respostas xeracionais e non simplemente respostas partidistas.

Señorías, na primeira lexislatura en que tiveron a responsabilidade da Presidencia da Xunta, o noso país pedía endereitar o pasado despois dunha etapa errática e abandonar eivas que se foran consolidando durante a era autonómica e que, nalgún caso, nos danaran especialmente. Creo, humildemente, que o fixemos cun goberno unido que seguía a mesma ruta. Blindamos a viabilidade dos servizos públicos e evitamos que Galicia fose rescatada como a maioría das comunidades autónomas. A nosa tarefa foi ordenar un pretérito imperfecto.

O segundo mandato obrigounos a ordenar un presente que poñía a proba a capacidade do autogoberno para saber superar unha crise mundial. Penso que tamén o fixemos, comezando a dedicar recursos e impulsar a recuperación, e, aínda que non de forma completa, alcanzámolo.

Ningunha das dúas lexislaturas anteriores foi sinxela, pero, con acertos ou con erros, sempre houbo un goberno que cumpriu coas súas obrigas, sempre houbo un goberno que gobernou, e a todos os que formaron ou forman parte del quero darlles as grazas por ter respondido sempre con ese deber nos momentos máis fáciles e tamén, sobre todo, nos momentos máis complexos. *(Aplausos.)*

Nesta terceira xeira tamén haberá un goberno que cumprirá coa súa función, e farao inspirado por unha idea fundamental: agora Galicia ten que conxugar o seu futuro. A Galicia que seremos, a economía galega que será, a sociedade galega que será, o papel que a nosa comunidade autónoma desenvolverá no Estado. Disto quero falarlles.

Para afrontar estes eixos, que —insisto— deseguida desenvolverei de forma máis detallada, a nosa terra goza da necesaria solidez e estabilidade para esquecer a pregunta que outras comunidades máis precarias, dependentes ou claramente intervidas —ou mesmo a nivel nacional—, se fan cando esculcan o horizonte. A pregunta que fan alí é: ¿que vai pasar? E a pregunta fórmulase con inquedanza.

Un país como o noso, dotado dunha maioría coherente, dunha sociedade cohesionada e dunhas constantes económicas crecentes, preguntámonos non que vai pasar, senón que imos facer.

A resposta que quero dar a esa pregunta é, aparentemente, sinxela, pero ten unha grande importancia en democracia. Á pregunta ¿que imos facer?, a resposta é: faremos o que Galicia precisa, faremos o que dixemos que faríamos e faremos o que os gagos votaron. *(Aplausos.)*

Señorías, se despois de dúas lexislaturas estou aquí hoxe é porque iso é o que tratamos de facer durante estes oito anos e porque é o que debo de facer durante os próximos catro. Refírome a que cumprimos o noso programa electoral, que é a folla de ruta avalada maioritariamente nas urnas. Refírome a que seguiremos desenvolvendo o Plan estratéxico 2015-2020, sempre adaptando as melloras económicas que se vaian producindo. E refírome a que Galicia terá un goberno desde o primeiro día ata o último día da lexislatura.

Por iso, de forma concreta, a primeira decisión do novo Goberno será a aprobación do teito de gasto para o próximo ano; e posteriormente a dos presupostos, que serán presentados nesta Cámara antes de que remate este 2016 para que poidan ser debatidos neste Parlamento no menor tempo posible. En todo caso, confírmolles que desde o 1 de xaneiro xa empregaremos os mecanismos orzamentarios que a Xunta ten ao seu alcance —basicamente anticipados de gasto— para poder gobernar sen ningún tipo de demora, tal e como dixemos que faríamos.

Trátase, sen dúbida, dunha decisión cun efecto cuantitativo relevante, porque permitirá afondar por terceiro ano consecutivo na tendencia crecente e poñer, coa maior rapidez posible, case 250 millóns de euros máis a disposición das prioridades dos galegos. Pero tamén ten unha dimensión cualitativa, porque nos permite afirmar que o contexto político en Galicia é máis favorable que en ningures para afrontar o noso futuro.

Ese é o noso compromiso, porque en Galicia, si; en Galicia si que hai garantía de que o novo Goberno gobernará durante os próximos catro anos. Digo que ese é o noso compromiso, e teño a impresión de que tamén será un dos principais exemplos que poidamos dar a toda España. Porque, señorías, fronte á teoría de que a nosa maioría absoluta é unha especie de vestixio do país, eu reivindico esa outra que apunta á nosa terra como a antesala do que acabará sucedendo no resto do Estado.

Non somos só a última maioría estable de España, teño a impresión de que seremos a primeira, ben pola vía da decisión política que faga imperar o interese común sobre os intereses partidistas, ben cunha lexislación que protexa sempre a gobernabilidade, en concellos, en autonomías ou no propio Estado, fronte ao desgoverno, ou ben pola vía de futuras eleccións. Eu estou convencido de que o conxunto nacional volverá á estabilidade que, por fortuna, Galicia mantén intacta pola vontade da maioría dos galegos.

En Galicia, si, o noso autogoberno está a salvo de sobresaltos porque os cidadáns delimitaron claramente o papel e a responsabilidade de cada un de nós. Nas últimas semanas téñenme preguntado reiteradamente por que. Por que Galicia persiste na súa estabilidade, cando iso non está a ocorrer con carácter xeral no resto do Estado. Pois ben, atopo dúas explicacións: unha, inspirada en circunstancias alleas a Galicia, e outra, derivada da nosa propia evolución como país.

A nivel externo hai exemplos que demostran que a frivolidade dos dirixentes, o escapismo diante das dificultades e a demagogia que adormece a sociedade teñen severas consecuencias.

Ese illacionismo do que nós fuximos está sendo fatal para líderes que buscan desconectar os seus estados ou comunidades de Europa ou de España. Propoñen unha terra prometida

que non existe pero exixen atravesar un deserto que si existe. Someten o pobo ás súas velezidades e sacrifican o presente e o futuro da súa xente a prol de ilusións que traen consigo unha dura resaca.

Igualmente, o grotesco da situación que vivimos en España nos últimos dez meses e os efectos da parálise prolongada durante ese tempo —sobre o que tamén volverei de xeito máis detallado nesta intervención—, todo iso foi suficientemente revelador para que Galicia decidise actuar en consecuencia e manter o seu propio camiño.

Pero tamén dentro da nosa terra hai probas de que a política non consiste en prometer imposibles, senón en traballar polo ben común todo o que sexa posible. Señorías, dentro de Galicia os galegos xa estamos comprobando e sufrindo os efectos de tratar a política como se fose un xogo frívolo. A política sempre ten consecuencias na vida da xente, e a antipolítica, a política consistente en evitar decisións controvertidas, que igualmente está á orde do día en moitos concellos, tamén carrega secuelas.

Contra todo isto, señorías, nos últimos anos nós gobernamos unha Galicia que atravesaba unha profunda recesión e unha crise económica, pero á que lle fixo fronte sen entrar noutra crise, na crise institucional. A diferenza doutros territorios, as dificultades non alteraron os equilibrios institucionais nin provocaron quebras irreparables na sociedade nin fixeron que a comunidade se vise sumida en bizantinos debates identitarios.

Houbo malestar, houbo protestas, houbo reivindicacións, que non son máis que síntomas dunha nacionalidade viva e activa, pero non houbo rupturas. Entendo que esta resposta, propia dun país maduro, foi o resultado de dicir a verdade e afrontar a realidade.

Dixemos a verdade en todo momento porque a nosa xente non forma un pobo infantil ou que se poida contentar con golosinas dialécticas. Seguimos esa fermosa idea de Castelao, segundo o cal, «para que o pobo teña fe en nós, primeiro hai que ter fe no pobo». Con esa fe no noso pobo renovada, o meu compromiso seguirá sendo dicirlle a verdade e afrontar a realidade.

Dicir a verdade implica afirmar que segue habendo problemas que resolver, pero que estamos en mellores condicións para afrontalos porque hai máis galegos que abandonaron o paro; hai máis galegos cotizando á Seguridade Social; hai máis produción industrial en Galicia; hai máis confianza; hai máis consumo e recadación fiscal; hai máis esperanza.

Eses datos máis favorables permítennos afrontar a realidade presente e futura cunha maior fortaleza e tamén cunha maior perspectiva. Con maior fortaleza porque a mellor situación económica tradúcese en tres consecuencias directas de gran importancia para a acción da Xunta, pero tamén para a vida diaria dos cidadáns. A primeira, máis orzamentos; a segunda, máis débeda; e a terceira, menos impostos.

Máis orzamentos. Esta pode ser a primeira lexislatura desde 2008 en que as contas públicas sexan expansivas todos os anos, e, por tanto, con máis investimentos sociais e económicos.

Menos débeda. Toda vez que o noso compromiso é reducir progresivamente a ratio débeda/PIB para que Galicia siga estando entre as comunidades autónomas con menos débeda de España.

E menos impostos. Porque, do mesmo xeito que fixemos ata agora, e con máis motivo se hai máis folguras, seguiremos reducindo a presión fiscal sobre os galegos. Respondemos aos galegos con menos impostos na crise, e as distintas reducións selectivas son probas diso. Respondemos aos galegos con menos impostos cando comezou a recuperación, e desde este ano está en vigor a maior baixada fiscal da historia de Galicia, incluída a supresión do imposto de sucesións para a práctica totalidade dos galegos. E como o rumbo de Galicia non cambiou, e como a situación segue a mellorar, volveremos responder aos galegos con menos impostos tamén nesta lexislatura. (*Aplausos.*)

A mellor situación económica tradúcese en máis recursos, pero tamén —como lles dixen— nun clima máis favorable para atender, ademais do curto e do medio, o longo prazo. Porque se na primeira e na segunda lexislaturas o fundamental era responder ás urxencias, agora —sen deixar de facelo— podemos derivar boa parte dos esforzos e tarefas que nos convocan para as próximas décadas, pero que debemos comezar a atender xa.

O século XXI é a nosa casa hoxe e no futuro, e a nosa obriga é construíla con novos códigos e non cos códigos do pasado. Para iso a iniciativa dos galegos ten que estar salvagardada por un marco de certezas e de incentivos que a acción política debe proporcionar e que no que respecta á Xunta se articulan arredor de tres obxectivos prioritarios: orientar a recuperación cara a unha economía viable e sustentable no futuro que incorpore con máis fortaleza o sector primario; seguir mellorando os servizos públicos consolidando Galicia como o lugar máis atractivo para nacer e para vivir; e participar activamente no debate territorial aberto no Estado, proxectando cara ao exterior o modelo galego de autonomía, especialmente arredor do modelo de financiamento autonómico.

Permítanme que lles traslade algunhas das liñas prioritarias en cada un deles.

Señorías, por máis que non poidamos dar por rematada a tarefa, a recuperación é un camiño iniciado. Así se confirma o ritmo de crecemento actual, que é o maior dos últimos oito anos, situándonos por riba do 3 %. Así se deprende tamén das previsións futuras, que indican que Galicia pechará o ano 2016 medrando, como digo, por riba do 3 % e que, de acordo con moitos servizos de estudos, para o ano 2017 poderá acadar outro crecemento do 2,5 %; pero nós preferimos ser prudentes situándonos no 2,3 %.

Igualmente tamén queda patente coa evolución do emprego e a baixada do paro, rexistrada en máis dun 10 % o pasado ano. É evidente que a intensidade pode verse condicionada por alteracións como o *Brexit* e o futuro da Eurozona, ou por contextos políticos como os que se dirimen no día de hoxe na primeira economía do mundo nos Estados Unidos de Norteamérica.

É evidente que a recuperación non está completa, porque aínda non alcanzou a moitos galegos. Seguir preto das familias que seguen inmersas no drama do paro, ou das que, tendo traballo, aínda carecen de recursos suficientes para unha vida digna, é, como xa dixen, o noso primeiro compromiso. Para cumprilo xa temos en vigor máis instrumentos que en nin-

gún outro momento, e con maior apoio, posto que o estamos desenvolvendo da man das entidades sociais e dos concellos. E quero garantir desde esta tribuna a continuidade de todos e cada un destes todo o tempo que sexa preciso. (*Aplausos.*)

Señorías, Galicia é unha das comunidades con maior compromiso social, e esta afirmación mantereina durante toda a lexislatura con feitos. Falo, por poñer exemplos, da renda de integración social de Galicia, do ticket eléctrico, do programa para evitar os cortes de luz, do complemento das pensións non contributivas, das medidas en vigor contra os desafiuzamentos e das accións contra a pobreza infantil. Atender os que máis o precisan é o compromiso prioritario, pero por si só limitado. O obxectivo ten que ser que non nos precisen e que paulatinamente poidamos chegar a reducir esas partidas de atención urxente para que cada vez haxa menos urxencias. O camiño para iso tamén está trazado, é o emprego; un emprego de maior cantidade —como xa está ocorrendo—, pero tamén de calidade suficiente, obxectivo que aínda non alcanzamos totalmente. Ambos os dous obxectivos serán o eixo dunha das principais leis que someteremos á consideración desta Cámara nesta lexislatura, unha nova Lei de emprego de Galicia que dote a nosa terra dun contexto normativo máis favorable, (*Aplausos.*) máis favorable para obter tres obxectivos:

O primeiro, seguir reducindo o desemprego co obxectivo de que se creen entre 80.000 e 100.000 novos postos de traballo nesta lexislatura e que a taxa de paro se sitúe nunha cifra por debaixo dos dous díxitos.

O segundo, priorizar con máis intensidade a colectivos especialmente afectados, como os mozos, as mulleres e os parados de longa duración.

E o terceiro, incrementar as actuacións encamiñadas a reducir a temporalidade e a precariedade laboral, incrementando o nivel de contratos indefinidos, por máis que hoxe xa son dous de cada tres.

Permítanme que neste punto repare nunha figura clave no noso tecido laboral, tanto no anterior tempo de crise como neste de crecemento; estou a falar dos autónomos. O seu impacto na economía é indiscutible. Son os que máis tiran, os que máis tiran dela co traballo e o esforzo día a día, pero tamén teñen un grande impacto social porque abarcan un espectro tan amplo de actividades que á postre dan forma ás nosas vilas e ás nosas sociedades.

Todos vostedes saben que nas pasadas lexislaturas reforzamos as axudas para este colectivo, nalgún caso con decisións inéditas no Estado, como os incentivos para a contratación de ata tres traballadores. Pero nesta lexislatura propoño aprobar unha estratexia, unha estratexia máis ampla que converta Galicia no lugar máis favorable para ser autónomo; (*Aplausos.*) máis favorable para que un autónomo naza, ampliando durante un ano máis a tarifa plana para os autónomos que requiran deste tempo adicional para consolidarse; un lugar máis favorable tamén para que un autónomo creza, por exemplo, coa creación do bono autónomo de ata 2.000 euros ou co reforzo da súa formación; máis favorable para que teñan fillos, coa ampliación en 16 semanas adicionais da bonificación para conciliar e abríndoa tamén aos pais; e máis favorable para que un autónomo poida garantir a continuidade do seu negocio abrindo a todos os autónomos o Programa de remuda xeracional, que xa existe no comercio.

Pero, señorías, o obxectivo dunha economía viable e sustentable para o futuro, que mellore o nivel de estabilidade do emprego, non podemos fialo en exclusiva á vontade dun goberno nin á capacidade lexislativa dun parlamento; a clave segue a estar na capacidade de consolidar entre todos —tamén cos axentes sociais— un novo modelo produtivo, coas claves do futuro, e que creo que debemos apoiar con máis forza no coñecemento e na innovación. Destaco este dobre piar porque considero que hai outros que tamén son fundamentais, nos que xa logramos avanzar con resultados sobresaíntes, aínda que haxa que seguir afondando neles. Refírome, por exemplo, ao feito de que hoxe en Galicia xa é moito máis fácil emprender —e máis barato—, á Rede de aceleradoras de empresas, aos incentivos fiscais, á oficina *Doing Business* e á eliminación da licenza previa para abrir un negocio. Son os máis claros expoñentes desta afirmación.

Con todo, os emprendedores seguen alertando de que non son suficientes, e por iso xa lles adianto que promoveremos unha auditoría que detecte aínda con maior claridade posibilidades de axilizar todos os trámites da actividade económica na comunidade autónoma.

Igualmente, calquera emprendedor que precise financiamento sabe que xa conta con liñas de axudas, que só o último ano permitiron apoiar case catro proxectos diarios. Nesa liña tamén seguiremos afondando.

Do mesmo xeito, xa sumamos resultados excelentes no eido da internacionalización da nosa economía. Nos últimos anos as exportacións veñen acadando cifras históricas, e nesa tendencia, se se mantén, tamén se acadará unha cifra histórica neste ano 2016.

Ademais, fomos quen de atraer cara á nosa terra investimentos de gran relevancia na automoción, na aeronáutica, no lácteo, no naval... Hai exemplos en todos eles que avalan o camiño de seguir abrindo o noso mundo. Farémolo con novos programas de apoio á internacionalización e a través da implicación directa do Goberno, mantendo a axenda económica como prioritaria dentro da acción exterior do Goberno e tentando explorar novos destinos, como o mercado oriental.

Pero precisamente porque competimos no mundo, cómpre que sexamos quen de desenvolvernos, como lles comentaba, con máis coñecemento e con máis innovación, para que nos permita posicionarnos con maior vantaxe no mercado globalizado. É un camiño que tamén temos aberto, no que tampouco partimos de cero. Máis de trinta multinacionais se instalaron en Galicia para desenvolver proxectos de I+D+i na pasada lexislatura. O primeiro vehículo autónomo que percorreu as estradas españolas saíu de aquí. En Rozas (Lugo) estase a desenvolver un polo de drones, polo que outras comunidades levan pelexando tempo. Galicia deu mostras de que quere e pode ser exemplo de innovación, pero ten que pisar o acelerador para avanzar con máis rapidez neste camiño. (*Aplausos.*)

Señorías, o Goberno autonómico ten recursos e posibilidades de aumentalos se hai proxectos viables ao abeiro da Estratexia de especialización intelixente firmada pola Unión Europea. E o noso compromiso é orientar ese investimento para que cristalice en dúas consecuencias: Primeira, potenciar Galicia como sede de I+D+i, por exemplo, creando consorcios de innovación que sumen os esforzos de investigadores, centros tecnolóxicos, grandes empresas e

pemes. Nesta liña, ademais do aeronáutico —que xa o temos en marcha—, o primeiro que queremos impulsar é no eido da biotecnoloxía, ou, en segundo lugar, abrindo novas convocatorias de unidades mixtas de innovación que atraian a Galicia os máis grandes innovadores dos sectores estratéxicos.

O segundo obxectivo é que a innovación se incorpore como actividade sistemática ás empresas —na nosa opinión, o punto no que está máis verde neste momento a nosa economía—. Así, por exemplo, reforzaremos os recursos para facer realidade a Industria 4.0, é dicir, para que os emprendedores incorporen procesos de fabricación intelixente que melloren a competitividade das súas empresas. Así mesmo, igual que impulsamos unha aceleradora de empresas innovadoras na automoción, propoñemos estender esa experiencia a outros sectores, comezando polo agroalimentario. Ou tamén definiremos un plan de provedores a grandes empresas que detecte as súas necesidades de contratación e oriente a innovación das nosas peme cara ás oportunidades de negocio.

Temos que ser conscientes de que promover estes cambios non é sinxelo, implica cambiar patróns de comportamento moi arraigados e fomentar novas capacidades. É complexo, implica a moita xente. Como é lóxico, non é posible sen coñecemento; é dicir, non é posible sen talento. Incorporalo, incorporalo ao talento de xeito inmediato, xa é unha acción prioritaria da Xunta, e a miña determinación é aproveitar a mellora económica para reforzar a estratexia de captación de talento que temos en marcha, primeiro, non só flexibilizando os criterios de acceso ás axudas para que cheguen a máis científicos de prestixio, senón tamén incrementando os recursos do programa Ignicia, que permite verificar e sacar ao mercado os proxectos dos nosos investigadores. Este capítulo é fundamental. O traballo dos miles de científicos que se desenvolve con algunha axuda da Xunta nas universidades é fundamental, como o son os centos de persoas que traballan actualmente nos centros tecnolóxicos, por iso as apoiamos con máis recursos.

Pero falar de talento non pode reducirse exclusivamente ao presente, tamén temos que seguir preparando aos mozos de hoxe para que poidan ser o talento de mañá e competir con el, e nese terreo xoga un papel fundamental a educación que reciban no sistema público. As liñas básicas xa son coñecidas por vostedes, pero quixera afondar nalgunhas das máis importantes.

A primeira, o labor máis inmediato, refírese a completar a adaptación do Mapa de titulacións universitarias e do Mapa da formación profesional, insistindo na formación profesional dual. Ambas —as dúas ramas— teñen unha incidencia fundamental sobre a contorna económica que queremos deseñar e tamén sobre a empregabilidade no futuro. Esta tarefa está iniciada. E permítanme agradecer desde esta tribuna o esforzo e o espírito construtivo que teñen amosado as tres universidades galegas así como o compromiso dos docentes en xeral e dos da formación profesional en particular. (*Aplausos.*) Nos próximos anos cómpre que rematemos este proceso para que o sistema educativo actúe realmente como viveiro da economía que queremos.

Señorías, titulacións con futuro e, dentro delas, ensinanzas que sirvan tamén para ese futuro. O mundo é cada vez máis dixital e tecnolóxico, exíxenos que dediquemos máis recursos a incrementar estas capacidades nos nosos rapaces, e farémolo. Esta legislatura ten que ser a que faga realidade un ensino realmente dixital na nosa educación pública, e para iso traza-

remos tres liñas de actuación: incrementar a estrutura do plan Abalar, que hoxe xa chega a 52.000 alumnos; actualizar de xeito constante os dispositivos tecnolóxicos empregados polo alumnado, incluída a plataforma en liña para a aprendizaxe, e, xunto a estas medidas de maior acceso a equipos informáticos e dixitais, tamén incorporar as ensinanzas de robótica e programación, dúas materias que están chamadas a ter un protagonismo esencial no coñecemento do futuro. Nese futuro do que falamos tamén haberá máis galegos que poidan comunicarse noutros idiomas, porque os terán aprendido nun colexio ou nun instituto público. Porque hoxe en Galicia cada vez hai máis nenos que teñen unha educación trilingüe, na que, ademais de aprender galego e castelán en igualdade, aprenden un terceiro idioma. E o noso compromiso é que, ademais dos 90.000 que xa están nunha aula plurilingüe hoxe, nos próximos anos sexamos capaces de, en primeiro lugar, estender esta medida aos ciclos de educación infantil de 3 a 6 anos; en segundo lugar, lograr que en cada unha das sete grandes cidades haxa polo menos un centro público de excelencia en bacharelato plurilingüe; en terceiro lugar, abrir esta opción tamén á formación profesional; en cuarto lugar, ampliar os programas de estadias para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, especialmente inglés e portugués; en quinto lugar, ampliar a gratuidade das matrículas para que os estudantes das escolas de idiomas teñan matrícula gratuítas a partir de determinados niveis académicos; e fomentar que as tres universidades galegas implanten graos internacionais, poñendo xa neste 2017 un plan piloto para que cada unha delas elixa ata dúas titulacións que ofrezan un itinerario completo nun terceiro idioma. *(Aplausos.)*

Señorías, fixemos unha gran aposta por que aprender un terceiro idioma non fose un privilexio senón unha oportunidade ao alcance de cada vez máis nenas e nenos, porque para nós o idioma é un instrumento que abre portas. Por iso decidimos aproveitar o galego para estreitar lazos co mundo lusófono, ou decidimos poñer cada vez máis recursos para garantir que as novas xeracións dominen o inglés. E esa aposta que está consolidándose na educación pública non imos poñela en risco senón completala. Porque, señorías, á fin e ao cabo do que estamos a falar é de adaptarnos, adaptarnos a un contexto cambiante, adaptarnos a un futuro que nos convoca de xeito inapelable.

Nese futuro están xa acomodándose sectores estratéxicos da nosa economía, como o naval, que grazas ás súas capacidades tecnolóxicas foi quen de pasar dunha situación sen novos pedidos a ter encargos por máis de 2.300 millóns de euros nos estaleiros públicos e privados, a pesar da crise do petróleo. *(Aplausos.)* Ou como a automoción, que grazas aos novos modelos ten garantida a actividade para a próxima década e 3.000 millóns de euros de investimento para a industria auxiliar.

Tamén hai sectores que estamos incorporando con máis forza ao noso sistema produtivo, como o aeronáutico, no que, grazas a un investimento de 150 millóns de euros, sentamos as bases para convertermos en referencia mundial dun sector con gran futuro, como o dos avións non tripulados; ou como o turismo. O turismo non é novo pero si está tendo un peso renovado e reforzado no produto interior bruto grazas ás boas cifras de visitantes, que, ademais, este ano van camiño de ser históricas. Gustaríame neste punto subliñar a nosa vontade de seguir facendo do turismo un baluarte indiscutible para consolidar a recuperación, sobre todo sabendo que esta lexislatura será clave para preparar o próximo Xacobeo 2021. Unha cita destas características non debe improvisarse nin deixarse para última hora, e por iso

lles aseguro que o obxectivo de facer en 2021 o mellor Xacobeo da historia comezarémolo a traballar desde o primeiro minuto. *(Aplausos.)*

Pero, señorías, nese futuro que xa orientan sectores estratéxicos da nosa economía de hoxe e de mañá, nese futuro cara ao que tentamos orientar os nosos rapaces, tamén ten que estar o conxunto de Galicia e, por tanto, a Galicia rural, é dicir, a Galicia do sector primario. Sobre ela quixera propoñerlles un pacto tamén estable, que garanta a nosa unidade de esforzo nestes anos. Do mesmo xeito que a pasada lexislatura foi a do naval ou a da automoción, esta ten que ser a lexislatura do sector primario. Nin queremos nin debemos esquecer esa parte de nós. É o noso punto de partida como pobo, e por iso renovar o rural non é só unha oportunidade económica, senón que tamén é unha obriga social e cultural que temos como pobo para que o noso desenvolvemento non sexa un desenvolvemento desarraigado. Gustaríame aclarar que non apunto a este eido como prioritario porque comparta a visión derrotista que moitas persoas teñen sobre este eido. Vivir no rural, traballar no mar, non son unha condena nin o recurso final dos que non teñen outro. E as nosas aldeas e as nosas vilas máis pequenas non son no seu conxunto un simple destino de fin de semana, un retiro de desconexión. Seguen sendo o fogar de milleiros de familias que teñen nelas os seus soños de futuro. Téñense modernizado nas últimas décadas dun xeito moi intenso, en ocasións con sacrificios que nunca salientaremos dabondo. E, máis recentemente, tamén hai novos proxectos en marcha que abren novas portas para este eido.

Claro, claro que hai carencias, carencias que aínda persisten e retos importantísimos que seguen pendentes. E abordalos é o compromiso que tamén quero adquirir desde aquí e para o que pido o seu apoio. Hai futuro. É importante que os cidadáns, e especialmente os máis novos, teñan esa percepción. Existen síntomas de que o sector primario é cada vez máis sinónimo de futuro e cada vez menos de atraso. Algúns síntomas: este ano é no que máis mozos solicitaron axudas á incorporación ao agro, o dobre que na última década; os centros de formación e experimentación agroforestal quedaron este curso sen vacantes; os viños galegos expórtanse cada vez máis, con maior calidade e a máis países; a produción de tenreira galega subiu máis de 20 puntos desde o ano 2009, e nese tempo o valor de produción ecolóxica duplicouse; producimos máis da metade da madeira nacional e seguimos sendo líderes en exportación; no marisqueo, 2015 foi o primeiro ano da serie histórica en que subiu o número de permisos, por iso potenciar a industria agroalimentaria e os selos de calidade que a avalan debe seguir sendo eixo das nosas políticas.

Pero o seu futuro vese, ademais, reforzado por decisións de maior alcance que tamén me gustaría salientar, especialmente en tres sectores relevantes para o ámbito primario: o lácteo, a industria forestal e a pesca, que loxicamente están chamados a ter un papel prioritario na próxima lexislatura.

No caso do lácteo, Galicia foi quen de preservar, pese á crise, o seu liderado nacional en cantidade, xa que hoxe producimos máis leite ca nunca, case un 16 % máis que nos últimos cinco anos. E o máis importante: non só en cantidade senón en calidade. En cambio, o sector víase, e aínda se ve, limitado no campo da transformación e a comercialización, cuns efectos sobre as rendas dos gandeiros, que nin nos foron nin nos son alleas, por máis que se estea a percibir unha lixeirísima suba.

Durante moito tempo nesta Cámara todos coincidimos en que a única saída era fortalecer o noso sector lácteo con máis unión dos produtores, con máis industria. Pois ben, prácame dicir que no último ano tres grandes proxectos viron a luz en Galicia, abrindo por primeira vez unhas expectativas fundadas para un sector que leva demasiado tempo ancorado e sen impulsos renovados. Dunha banda, a primeira, a decisión de instalar en Curtis unha fábrica de transformación de leite con capacidade para atraer case 1 de cada 4 litros que se producen en Galicia. A segunda, a ampliación da planta transformadora de queixos situada en Vilalba coa previsión de incrementar a súa produción, que hoxe xa consome arredor do 4 % do total do leite que producimos en Galicia. E, por último, a recente fusión de tres cooperativas que supón agrupar a 3.600 gandeiros que producen o 15 % do total do leite galego. En resumo, tres iniciativas que xunto con outras, algo menores pero tamén significativas, absorberán sobre o 50 % da produción leiteira de Galicia e que se traducirán para os gandeiros que dela dependen en máis estabilidade e profesionalización, espero que en mellores prezos e nun futuro con máis esperanza. *(Aplausos.)*

A promoción dos verdadeiros protagonistas de cada sector produtivo, é dicir, dos produtores, tamén é o principal eixo de futuro que propoñemos para o sector forestal. Neste eido imos desenvolver medidas que incluírán o recoñecemento da figura do silvicultor activo para, deste xeito, diferenciar e recoñecer aqueles propietarios que xestionan realmente as súas propiedades forestais. Tamén neste ámbito consideramos prioritaria a reestruturación da propiedade, polo que, ademais das actuacións transversais de concentración parcelaria, impulsaremos a redacción dos plans de ordenación de recursos forestais, que establecerán orientacións a nivel de distrito e definirán con detalle os terreos forestais. En terceiro lugar, daráselles un forte impulso aos deslindes de montes veciñais en man común e ao establecemento de alianzas entre eles. Igualmente, en cuarto lugar, cómpre actuar en diferentes medidas de promoción e apoio á industria forestal, como a certificación da xestión forestal, o programa de mellora xenética, a creación dunha mesa específica para a produción da castaña ou o aproveitamento de pastos como recurso forestal.

Señorías, falaba tamén neste apartado do sector pesqueiro, nun momento no que está dando signos de recuperación. Non en van no que vai de ano acadou unha cifra histórica de facturación por venda de peixe e marisco fresco, a mellor dos últimos vinte anos. Consolidar esta melloría é un obxectivo da Consellería do Mar nos próximos catro anos, conscientes de que este sector depende de nós pero tamén de contextos alleos en aspectos como o da eliminación dos descartes ou a modificación das medidas técnicas ou do réxime de control. Todo isto tamén ten moito que ver co futuro da nosa pesca e estamos traballando co sector para acadar a mellor situación final posible. Porque a clave segue sendo a cogobernanza, que non é un termo novo senón unha máxima que seguimos desde hai moito tempo no noso trato cos pescadores, cos mariñeiros e coas mariscadoras. Con eles e co compromiso de elaborar no Consello Galego de Pesca un informe bianual que plasme inquietudes conxuntamente, propoñemos distintas medidas entre as que quixera destacar brevemente as seguintes: maior peso da pesca de baixura co obxectivo de que teña acceso preferente a 158 millóns do Fondo Europeo Marítimo da Pesca; segundo, máis campo de traballo para o marisqueo, dando continuidade ao labor de recuperación de zonas improdutivas, que xa permitiu recuperar na pasada lexislatura 8 millóns de metros cadrados de areeiros e que ten que recuperar e mellorar nesta lexislatura outros 10 millóns de metros

cadros de areeiros; en terceiro lugar, modernización das bateas, poñendo a disposición, tal e como nos demandan, 30 millóns nos próximos tres anos para que se poidan renovar e ampliar as estruturas; en cuarto lugar, máis recursos para a comercialización e a transformación; e, en quinto lugar, mellor aproveitamento dos portos como plataformas de distribución, tamén como instrumento de traballo do sector pesqueiro, dándolles curso a infraestruturas para poder mellorar os abrigos, crear mellores amarres ou afondar na disposición de máis calado; e, por último, por suposto, primando o máis importante, a nosa xente do mar, blindando e mellorando sempre que sexa posible as accións contra o furtivismo e o labor dos gardacostas. *(Aplausos.)*

Señorías, o necesario esforzo económico que imos facer no sector primario para que o interese crecente se confirme e se amplíe non debe facernos esquecer que, para que a renovación do eido rural sexa completa, tamén temos que actuar nas condicións sociais e nas condicións de vida. Dixen durante a pasada campaña electoral que temos unha débeda co rural que aínda non está saldada en ningún caso. Avanzamos, avanzamos con axudas para o desenvolvemento rural e a diversificación das actividades, pero cómpre reforzar esta estratexia aproveitando a inxección de recursos que supón o PDR 2020 (o Plan de desenvolvemento rural) con máis 1.186 millóns de euros. Avanzamos, avanzamos para facelo máis atractivo porque a Lei do solo protexe o rural, pero tamén garante máis posibilidades de desenvolvemento, sobre todo no ámbito agrogandeiro e turístico. Pero debemos continuar e por iso un dos proxectos prioritarios nos orzamentos do próximo ano será un programa de emprendemento e formación no rural. *(Aplausos.)* Avanzamos, señorías, avanzamos para organizalo mellor porque se reforzan os recursos dirixidos a concentracións parcelarias, pero cómpre facelo aínda con máis intensidade. O obxectivo é que, tanto a través de concentracións tradicionais como con agrupacións e permutas que xurdan da iniciativa privada, sexamos quen de ordenar nesta década a propiedade de máis de 130.000 familias galegas e, o máis importante, que sexamos quen de ordenar a propiedade no 36 % dos concellos galegos que teñen actividade agrícola, gandeira ou vitivinícola. *(Aplausos.)* Avanzamos, señorías, garantindo servizos tan básicos como a auga e o saneamento, e hoxe máis da metade dos galegos teñen ao seu carón un servizo novo de depuración e abastecemento. Pero a nosa vontade é seguir para completar as actuacións pendentes e, sobre todo, garantir o mesmo custo e calidade dos servizos alí onde se prestan. Avanzamos, avanzamos e seguiremos avanzando con máis intensidade e con medidas máis ambiciosas. Non en van, unha das nosas principais decisións nos últimos anos foi pensada para o futuro do rural: impostos cero para a adquisición de parcelas en todos os concellos do rural de Galicia. Pois ben, ademais do mantemento desta aposta, que seguirá en toda a lexislatura con impostos cero para adquirir calquera tipo de inmovible de carácter rústico, unha das nosas principais medidas no futuro seguirá sendo o rural, e así, tal e como comprometemos, desde o 1 de xaneiro de 2017 haberá impostos cero para os mozos, para as familias numerosas e as persoas con discapacidade que adquiran unha vivenda habitual nun municipio de menos de 20.000 habitantes. Señorías, o obxectivo é que os galegos saiban que para vivir no rural terán cero presión por parte do seu goberno e que para vivir do rural contarán co cen por cento do noso compromiso. *(Aplausos.)*

Renovar con tanta intensidade a aposta polo sector primario vai máis aló do simple obxectivo económico. Detrás diso latexa un desafío máis fondo que garda relación co segundo eixo de

gobierno que lles adiantaba: facer a Galicia que será, e facer dela un mellor lugar para nacer e para vivir. Iso implica a toda Galicia e, polo tanto, implica que consigamos harmonizar de forma completa as realidades que coexisten na nosa terra, a Galicia urbana e a rural, a do interior e a da costa. E entre elas tamén teñen que existir pontes máis estables e máis fortes.

Ese obxectivo pasa, por suposto, polas conexións, no máis estrito sentido da palabra; por suposto, polas conexións que non se ven e que son as máis importantes, as tecnolóxicas, nas que hoxe Galicia ten posibilidades de acceso moi notables pero que queremos seguir mellorando para incrementar e garantir as súas velocidades, pero tamén polas conexións físicas, é dicir, as estradas e o transporte público. Así, completaremos a rede de vías de altas prestacións para que a práctica totalidade dos galegos teñamos ao noso carón unha infraestrutura de especial relevancia, con medidas como finalizar a autovía do Morrazo, finalizar a conexión da vía ártabra coa autoestrada do Atlántico, o enlace do polígono de San Cibrao das Viñas, en Ourense, coa autovía, o enlace de Areas, no baixo Miño, coa vía Tui-A Guarda, a prolongación da autovía da Costa da Morte, o inicio da conversión en autovía do tramo entre Lugo e Sarria, avanzar na vía de altas prestacións da costa norte, especialmente na variante de Viveiro, e continuar a autovía entre Santiago e A Estrada. *(Aplausos.)*

E, sobre todo, buscaremos dar resposta a unha das principais materias pendentes neste eido, que é a ordenación do transporte público e a necesidade de ofrecer unha cobertura adaptada ás necesidades dos galegos. Penso que logramos sentar as bases con tres fitos importantes. O primeiro, a posta en marcha do Plan de transporte metropolitano para xa o 60 % da poboación galega, que agardamos poida estenderse tamén a Ourense e, baseándose na proposta que faga o concello, tamén a Pontevedra. En segundo lugar, o impulso das estacións intermodais de Vigo, Ourense, Santiago e A Coruña, que debemos completar coa implicación real dos concellos para que funcionen canto antes como verdadeiros centros nodais de transporte. E, máis recentemente, facendo por primeira vez que o transporte público sexa gratuíto para todos os galegos e galegas de menos de 19 anos.

Pero nada disto é suficiente se non logramos o máis importante, que é garantir que o transporte público chegue alí onde hai un usuario que o precise. Por iso lles confirmo que nesta lexislatura aprobaremos un novo plan de transporte público que supere o actual, pensado para o século pasado, e deseñe un para este século, con servizos do XXI, como o pago por móbil, por exemplo, ou con rutas do século XXI, incluíndo o transporte á demanda ou a opción de que o transporte público saia dos límites municipais.

Señorías, cada unha destas decisións que lles acabo de citar teñen unha incidencia inmediata á hora de unir a nosa xente e garantir para ela a igualdade de oportunidades. *(Aplausos.)* Pero, señorías, cómpre que neste propósito —e máis agora que estamos iniciando un período de expansión— reforcemos outras liñas estratéxicas que fortalezan o noso pobo social e economicamente pero tamén en valores. Porque, señorías, se me preguntasen que Galicia quero en 2020, teño clara a resposta. Non persigo unha Galicia perfecta, porque ningún político responsable pode prometer varrer do mapa todos os problemas, especialmente aqueles que nin sequera dependen do Goberno en exclusiva. Pero si aspiro a contribuír a unha Galicia que crea máis nas súas posibilidades e, sobre todo, a unha Galicia que se queira máis a si mesma tanto nos nosos días coma nas próximas décadas. *(Aplausos.)*

Para iso é preciso, en primeiro lugar, que o crecemento que estamos consolidando sexa ordenado e sustentable. Por desgraza, nos últimos anos tivemos que estar máis centrados en non decrecer que en pensar o tipo de crecemento que queriamos ter. Pero agora, ademais de traballar para que a expansión se consolide, debemos afrontar o reto de que o modelo futuro de crecemento sexa sólido e respectuoso coa nosa contorna e non volva caer en eivas pasadas. Con este obxectivo, precisamente, creamos a consellería específica, a de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, dedicada en exclusiva a esta tarefa. Galicia non avanzará de calquera maneira, avanzará respectando as nosas paisaxes, a nosa auga e o noso aire, o mellor legado que podemos deixarlles aos nosos fillos e aos nosos netos.

Camiñamos cara a unha Galicia de augas totalmente saneadas. Ao remate da lexislatura todas as infraestruturas hídricas previstas no Plan hidrolóxico Galicia-costa estarán funcionando ou con execución garantida, para que as rías galegas de 2020 estean totalmente saneadas e moito máis protexidas fronte ás verteduras. E igualmente crearemos un observatorio dos ríos que permita poñer en valor esta fonte de riqueza natural.

Camiñaremos cara a que Galicia sexa unha Galicia con menos emisións de CO₂, e para iso aprobaremos a Estratexia galega de sustentabilidade ambiental e a Estratexia galega de cambio climático.

Camiñamos cara a unha Galicia que optimice o uso das súas fontes de enerxía. Temos un enorme potencial enerxético e por iso aprobaremos as directrices enerxéticas de Galicia co obxectivo de aumentar en máis dun terzo a potencia instalada de fontes renovables, como a hidráulica, a eólica, a biomasa e a xeotérmica. A nosa ambición é que as necesidades enerxéticas da Galicia do futuro poidan ser cubertas integramente con enerxías renovables. *(Aplausos.)*

Señorías, camiñamos cara a unha Galicia con máis espazos protexidos, regulados por unha nova lei de patrimonio natural que teña novos impulsos, como a ampliación da Rede Natura, unha Rede Natura na que se poida vivir e unha Rede Natura na que se poida traballar; ou na posibilidade de que un dos nosos espazos naturais máis senlleiros, a Ribeira Sacra, sexa declarada reserva da biosfera como paso previo a ser patrimonio da humanidade. Tamén camiñamos cara a unha Galicia cun territorio máis ordenado e mellor planificado, porque a nosa expansión debe ser racional e coherente. Por iso imos renovar a Lei de ordenación do territorio, que xa leva vixente hai máis de vinte anos, e que complementará a recentemente aprobada Lei do solo. Este texto buscará que as diferentes bisbarras se desenvolvan de xeito equilibrado, frear ou reducir os desequilibrios demográficos e mellorar o acceso aos servizos e infraestruturas coidando en todo momento o respecto ao medio ambiente e á paisaxe.

Neste obxectivo segue tendo moito que ver a ordenación dos concellos. Cómpre seguir traballando para que todos conten cun plan xeral de ordenación urbana actualizado. E aos máis pequenos imos axudalos con carácter inmediato coa aprobación dun plan básico que lles sirva como modelo a 49 concellos galegos de menos de 5.000 habitantes.

Imos seguir fomentando a harmonía das edificacións e loitando contra o feísmo, por iso no plan básico autonómico que prevemos aprobar o ano que vén imos integrar as recomendacións dos profesionais que están a elaborar a guía de cores e materiais.

Traballaremos para un crecemento urbano sustentable e responsable que se integre á perfección coas edificacións máis antigas, que tamén son unha parte importante, sen dúbida, do noso patrimonio. Non queremos derruír os antigos edificios para dar paso aos novos, senón melloralos para que se integren nun conxunto fermoso e coherente. Por iso, nesta lexislatura aprobaremos a Estratexia galega de rehabilitación para facilitar que familias de hoxe revitalicen as zonas nas que viviron os galegos doutras xeracións. Esta estratexia contempla tanto rehabilitacións de cascos históricos impulsadas pola Xunta como liñas de axudas para familias que queiran rehabilitar unha vivenda tanto no rural coma nas cidades. Ademais, tamén imos impulsar un cambio lexislativo para promover este tipo de actuacións e por primeira vez traeremos á Cámara a primeira lei de rehabilitación e mellora dos conxuntos históricos de Galicia como unha peza lexislativa separada. Na pasada lexislatura a nova Lei de patrimonio blindou a protección de bens de interese cultural. Neste novo impulso a rehabilitación asegurará que as casas que rodean os nosos monumentos máis senlleiros non os desmerezan, pois tamén son parte do legado dos nosos antepasados.

Por suposto, non podemos falar de patrimonio sen falar dos camiños de Santiago, para os que imos lanzar un plan de rehabilitación e posta en valor dos elementos patrimoniais máis destacados da ruta xacobeá. Señorías, mirar cara ao futuro non é esquecer o pasado e facer borrón e conta nova. Queremos que Galicia a próxima década estea firmemente asentada sobre os ombros dos que nos precederon, a Galicia do futuro construírase sobre o respecto ao noso patrimonio natural e ao noso patrimonio histórico. *(Aplausos.)*

Na nosa esencia como pobo está, por suposto, o Estado do benestar. A sanidade pública, a educación pública e os servizos sociais públicos son tamén unha parte importantísima do noso patrimonio. Señorías, seguiremos sendo inconformistas. Despois de ser quen de blindar os servizos públicos fronte á crise, despois de ser unha das poucas comunidades autónomas que os mellorou de forma notable nos últimos anos, despois diso, con máis motivo agora que podemos traballar no longo prazo, non imos conformarnos.

Estou convencido de que a inmensa maioría de nós confiamos en deixarlles aos nosos fillos e netos un sistema público sanitario, un sistema público educativo e un sistema público social de primeiro nivel. Incluíu neste capítulo, dunha forma moi especial, a necesidade de seguir mellorando a xustiza, un eido no que cómpre acelerar o reto da informatización, así como facer realidade importantes infraestruturas como a Cidade da Xustiza de Vigo, o novo edificio xudicial de Pontevedra, o novo edificio xudicial en Tui ou a rehabilitación da fábrica de tabacos na cidade da Coruña. Neste punto, quixera explicarlles que o novo goberno terá como novidade, entre outras, a Axencia Galega de Infraestruturas, e esta axencia asumirá os procesos de contratación e construción dos centros sociosanitarios e educativos. Deste xeito, os departamentos que xestionan os servizos públicos poderán dedicar todos os seus esforzos a iso, a mellorar os servizos públicos. Serán eles os que decidirán, sen dúbida, onde se sitúa un hospital, como se amplía un hospital, onde se pon un centro de saúde, onde se pon un colexio ou onde se reforma un instituto. Pero será a Axencia de Infraestruturas a que se encargue de que as obras se entreguen en prazo e se integren de forma adecuada no territorio.

A sanidade, a educación e os servizos sociais públicos poderán concentrarse así en responder aos grandes retos dos servizos públicos do século XXI, que na miña opinión son a persona-

lización e a adaptación ao contexto demográfico. Queremos servizos públicos que estean ao servizo do benestar dos cidadáns, e temos que ser quen de dar a cada problema de cada galego a solución máis adecuada no seu caso.

Á hora de afrontar este reto temos un poderoso aliado, un poderoso aliado no que apoiarnos, que é a tecnoloxía. Ofrécenos posibilidades incalculables de mellorar os servizos públicos. Seguiremos a empregala, como xa demostramos facendo na pasada lexislatura o maior investimento sanitario en innovación no ámbito do Servizo Galego de Saúde desde a súa creación. Grazas a iso, os datos da lista de espera que coñecemos en xuño son os mellores desde que existen rexistros. E queremos seguir avanzando —ademais de completar a aposta para que nesta década o cen por cento dos galegos teñamos na nosa área sanitaria un hospital novo ou un hospital renovado e un centro de saúde novo ou un centro de saúde renovado— con novos ambulatorios públicos, por suposto; con tres novas grandes ampliacións: o gran Montecelo, de Pontevedra, así como os hospitais públicos de Ferrol e o hospital público da Mariña; facendo tamén a ampliación do hospital público de Santiago no marco da reorganización derivada da construción da nova Facultade de Medicina; rematando a ampliación dos hospitais públicos da Coruña e de Ourense; e ampliando tamén as urxencias do hospital público da Barbanza. (*Aplausos.*) En definitiva, xunto coa remodelación e a actualización do Hospital do Meixoeiro, complementaremos e completaremos as obras pendentes para facer realidade un novo servizo de saúde, desde o punto de vista das súas infraestruturas.

Deste xeito, imos tecendo ao longo e ancho do noso territorio unha rede de benestar que apoian todos os galegos. De feito, o seu principal aval son tanto os cidadáns que cremos neses servizos públicos e que os imos seguir defendendo como as galegas e os galegos que o fan posible todos os días: os docentes, os médicos, a enfermería, o persoal sanitario, o persoal non sanitario, o persoal dos servizos sociais. Para eles, como para o resto dos empregados públicos, prácame dicir que esta lexislatura será na que recuperen o nivel salarial perdido durante a crise, e recuperaran desde o primeiro ano da lexislatura. (*Aplausos.*)

Señorías, para que a nosa rede de benestar sexa sólida e sustentable, debe ter en conta unha das peculiaridades da nosa terra: a demografía. A sanidade pública, a educación pública e os servizos sociais públicos deben ter vocación de permanencia e unha base que lles permita adaptarse aos cambios que vivirá Galicia nas vindeiras décadas.

Decía antes que aos desafíos estruturais temos que dar respostas xeracionais, non partidistas. Gustaríame precisar aínda máis. Cando falamos do Estado do benestar, as respostas deben ser interxeracionais. Temos que ser quen de iniciar un proceso de reflexión conxunto, no que participe desde a nosa mocidade ata os galegos con máis primaveras, para ser quen de dar respostas ás necesidades de todos os galegos.

A rede de benestar de Galicia ten que dar respostas interxeracionais, desde o berce ata a terceira idade. Con esta filosofía, estamos a traballar para consolidar Galicia como o mellor lugar para nacer e para ser neno. Imos continuar durante toda a lexislatura coa Tarxeta Benvida, deseñada para acompañar as familias galegas durante o primeiro ano da vida do seu bebé. Ademais, aqueles fogares en risco de pobreza ou exclusión social terán dereito a ela ata os 3 anos da vida da filla ou fillo.

As familias son os átomos que forman a sociedade galega. Imos traballar para dar solucións axeitadas ás familias do século XXI, afrontando dous desafíos esenciais, como son a racionalización dos horarios e a conciliación da vida laboral e familiar.

Queremos unha Galicia na que os pais teñan tempo para pasar cos seus fillos, para acompañalos e guialos no seu crecemento e transmitirilles valores. Por iso seguiremos ampliando as prazas públicas en escolas infantís, como vimos facendo desde o ano 2009.

Nesta lexislatura consolidaremos a lista de espera cero nas escolas infantís e crearemos novas prazas coa vista posta nunha ratio de cobertura moi superior á que propón a Unión Europea, concretamente chegar ao 40 % da ratio de cobertura. *(Aplausos.)* Non só imos crear mil novas prazas na rede Galiña Azul, senón que tamén imos mellorar as que xa existen, para que os nosos nenos poidan gozar de mellores instalacións.

Señorías, o noso obxectivo é dar a cada familia a solución que máis se axuste ás súas necesidades concretas. Para os fogares nos que os proxenitores traballen e o seu fillo puntualmente se pon enfermo, comprometémoslles o Bono Coidado. Para as familias que non logren acceder a unha praza pública de gardería por estar completas, comprometémoslles o Bono Concilia. Para pais que traballen nun polígono industrial, subvencionaremos que neles se constrúan escolas infantís. Para as familias do rural, estenderemos o programa piloto das casas niño, pois cremos que os concellos máis pequenos tamén teñen acceso e dereito aos servizos de atención á infancia.

Co horizonte do ano 2020, faremos posible que os 313 concellos de Galicia que o soliciten poidan contar cun servizo de conciliación. *(Aplausos.)*

Somos conscientes de que fundar un fogar non é tarefa fácil, pero desde o Goberno autonómico darémoslles ás nais e aos pais apoio incondicional.

Galicia seguirá ofrecendo deducións fiscais á maternidade e á paternidade. Ademais, dialogaremos co novo Goberno central para intentar reducir o IVE dalgúns produtos básicos, como os cueiros.

A familia ten que ocupar un lugar central na política galega, porque tamén o ocupa na vida dos galegos e galegas.

Señorías, se aos 75 membros desta Cámara se nos recorda polos nosos slogans, esta terá sido unha mala lexislatura. Debemos ser recordados polas nosas medidas, por terlles sido de utilidade ás familias deste país. Non hai mellor legado posible que facer de Galicia o mellor lugar para fundar unha familia. Isto non ten que ver con siglas nin con cores, ten que ver coa responsabilidade política. *(Aplausos.)*

O segredo do noso futuro, señorías, é que os galegos de hoxe decidan traer ao mundo os galegos de mañá. Queremos que os galegos de mañá se formen en valores, para o que imos formar os nosos escolares en igualdade, respecto dos nosos símbolos, nomeadamente respecto da lingua.

Queremos que os galegos de mañá teñan abertas todas as portas, para o que estenderemos o plurilingüismo —como dixen— á educación infantil e á formación profesional.

Queremos que os galegos de mañá escollan libremente o camiño que queren tomar, para o que seguiremos aumentando as oportunidades que ofrece a formación profesional e mantendo as taxas universitarias máis baratas de España.

A Galicia de 2020 vai ofrecer moitas máis oportunidades ás galegas e galegos da xeración do Estatuto. Imos traballar para que os que emprenderon o camiño da emigración e queiran volver á súa terra poidan facelo. Aínda que Galicia é a comunidade española con menor taxa de emigración xuvenil, somos conscientes de que moitas mozas e mozos na época da recesión non atoparon unha oportunidade nesta terra.

Paralelamente, imos intentar traer galegos de segunda e terceira xeración que estean residindo nos países onde tradicionalmente na década dos sesenta e dos cincuenta emigraron os galegos. A volta destes galegos de Arxentina, Uruguai, Cuba ou Venezuela axudará tamén a revitalizar a nosa sociedade e a encher Galicia de sangue novo que nos impulse na década que vén.

Imos chegar solucións aos galegos que acaban de nacer, aos nenos e mozos e aos pais e nais de familia, pero tamén aos nosos maiores. Ninguén dubida de que eles son unha parte indispensable de Galicia. Sen a súa experiencia, a súa dedicación e as súas opinións, o país que coñecemos simplemente non existiría. Para que sigan percibindo a súa importancia para Galicia, estamos a apostar polo envellecemento activo. Seguiremos reforzando a atención á dependencia, tanto creando novas prazas públicas como impulsando o servizo de axuda no fogar, para que os maiores poidan recibir os coidados necesarios no seu ámbito doméstico.

O desafío demográfico que estamos a encarar é especialmente un reto significativo para todos, pero moi especialmente dentro dos servizos públicos, non só para os servizos sociais, senón para a sanidade pública.

Afrontamos un cambio de paradigma, no que será necesario renovar o xeito de entender os servizos sanitarios. Na Galicia do futuro a sanidade non estará limitada aos espazos físicos dos hospitais e dos centros de saúde. Imos elaborar un Plan galego de atención á cronicidade, para que lles dea máis ferramentas aos pacientes para paliar a súa doenza.

Imos reforzar as unidades de hospitalización a domicilio e a asistencia a domicilio desde a atención primaria. A propia casa é o lugar idóneo para mellorar a calidade de vida do paciente.

Imos aprobar tamén un programa de apio a persoas maiores que viven soas, especialmente no medio rural, para mellorar os seus hábitos alimentarios e fomentar a actividade física.

Ademais, grazas ao fogar dixital, queremos mellorar a comunicación cos profesionais sanitarios desde o propio domicilio as vinte e catro horas do día.

Imos seguir avanzando cara a unha sanidade que outorgue máis importancia á prevención que ao tratamento, co Plan galego de resistencias antimicrobianas e a extensión do cribado co cancro de colon, que se aplicará en toda Galicia, despois das experiencias piloto destes anos, a partir do ano que vén.

En definitiva, nesta lexislatura imos promover a resposta interxeracional aos problemas de Galicia de hoxe e de mañá. Unha Galicia que garanta un benestar sustentable para os galegos, desde os máis novos aos máis maiores, sen desatender realidades específicas, como a discapacidade, un colectivo co que imos continuar a traballar, da súa man, para facilitar a súa integración e a súa accesibilidade.

Señorías, para lograr este obxectivo gustaríame tenderlles a man. Quero aproveitar este momento para invitalos a reflexionar conxuntamente sobre o reto demográfico. Trátase dun desafío que non entende de cores políticas e que nos toca a todos por igual. A demografía será un asunto central no que nos queda da década e mais na próxima. Atopar respostas non é tarefa só do Goberno, senón de toda a sociedade galega, e por suposto dos 75 deputados e deputadas desta Cámara, que conxuntamente deberemos seguir promovendo o debate deste asunto, en todos os foros nacionais, pero tamén en todos os foros europeos.

Dar reposta social e económica ao contexto demográfico, aos servizos públicos do futuro, é un reto que nos convoca a curto, medio e longo prazo.

Pero, de xeito inmediato, tamén colectivamente, temos que afrontar outro asunto capital ao que me referín ao inicio desta intervención. Falo da negociación do novo modelo de financiamento autonómico, que, por certo, posteriormente debemos completar aquí co asunto do financiamento local.

Señorías, tres son os criterios nos que se baseará a inicial posición de Galicia, por suposto con independencia das achegas que espero recibir de todos os grupos da Cámara. Non quixera que a nosa fose unha posición de goberno, senón unha posición de todos. Por iso expoño unhas liñas básicas que obedecen ao interese do país e da súa realidade. Sería incomprendible que galegos coma nós defendésemos posicións políticas que poidan ser favorables a outras nacionalidades históricas, pero non a Galicia. Negociar sen tela en conta sería imprudente, temerario e terriblemente nocivo para a viabilidade do autogoberno.

En primeiro lugar, o financiamento debe ser estable; en segundo lugar, o financiamento debe ser sustentable; e, en terceiro lugar, o financiamento deberá ser progresivo.

O financiamento debe ser estable á provisionalidade coa que se ten abordado antes, especialmente no modelo actualmente en vigor, que vai en contra do rigor que se exige a un asunto de tanta relevancia. Galicia precisa completar a estabilidade institucional e política coa estabilidade do modelo de financiamento autonómico. Entendemos que este principio tan elemental soamente pode ser discutido por aqueles que desexan un Estado en permanente corentena —e, consecuentemente, feble—.

En segundo lugar, o financiamento deberá ser sustentable. Goberno central e comunidades autónomas suman dúas partes do mesmo Estado, que comparten dereitos derivados dos compromisos comunitarios e internacionais de España. Nin vale un modelo que acabe sendo frustrante por irreal nin outro que faga das autonomías o parente pobre e mendicante das administracións públicas españolas.

E, en terceiro lugar, o financiamento deberá ser progresivo. Se se asume que haxa un transvasamento solidario entre as rendas persoais máis altas e máis baixas, a través dos impostos, ese mesmo principio non debería provocar receos cando se aplica ás persoas que vivimos en distintas comunidades autónomas. Tampouco o feito de que se premie os cumpridores, fronte aos que aplicaron a norma de maneira laxa e claramente pouco rigorosa e se estiveron beneficiando do incumprimento sistemático do déficit público. *(Aplausos.)*

A estas tres orientacións podería engadir a idea de que o novo sistema de financiamento é exactamente iso: un sistema de financiamento. Sería un erro tentar resolver problemas de índole identitaria neste debate. A razón resulta obvia: o benestar dos cidadáns, que é o que, en definitiva, está en xogo, non pode estar ao arbitrio da presións derivadas de xogos partidarios pouco responsables. Semellaría polo demais incongruente que se lles dese o mesmo rango ás pretensións soberanistas dalgúns partidos de comunidades concretas que aos factores que miden realmente as necesidades dos cidadáns, como a dispersión poboacional, o custo das infraestruturas ou o reto demográfico. A primeira é subxectiva, as segundas son claramente obxectivas. Confío plenamente en que estes últimos marquen o camiño do novo Executivo estatal, que ten que liderar este debate, entre outras cousas porque o presidente do Goberno xa asumiu compromisos concretos, como a inclusión dun Fondo de cohesión demográfica.

Señorías, os grupos desta Cámara podemos ter ideoloxías distintas, por suposto, pero, sinceramente, creo que neste asunto todos temos a mesma resposta á pregunta de que precisa Galicia, que lle interesa a Galicia no novo modelo de financiamento.

Desde logo, eu desboto iniciar este debate no Estado coa interrogante que parece dominar todos os foros: ¿con que modelo estarían cómodas determinadas opcións soberanistas, fronte a un esquema feito á medida de tal ou cal comunidade?

Eu quero que Galicia sexa voceiro de Galicia e defenda unha posición igualitaria de todos os cidadáns. E, desde logo, é o que faremos con contundencia, pero con lealdade ao Estado, do que formamos parte. *(Aplausos.)*

Porque, señorías, o autogoberno non se valora polo grao de axitación ou controversia que provoca, senón pola súa eficacia na resolución dos problemas. Que algúns galegos sintan inqueda coa súa identidade ou que certos sectores políticos utilicen esa identidade como algo polémico, non quere dicir que Galicia estea nun diván interrogándose sobre o que é. Galicia está en pé e acaba de afirmar con claridade cal é o camiño que quere seguir. E iso non significa, nin moito menos, que a nosa comunidade estea menos marcada que outras. Simplemente a nosa é unha identidade integradora.

Xa sei que, á vista do nivel de crispación que hai —que algúns dirixentes autonómicos fomentan—, hai a quen lle pode parecer imposible compaxinar a lealdade ao Estado coa lexítima defensa dos intereses de Galicia. Pero abofé que é posible. Galicia contribuíu na pasada lexislatura á mellora económica e á estabilidade de España, sen que iso impedisese levantar a voz cando consideramos que algunha decisión non era xusta ou positiva para a nosa comunidade.

Esta mesma actitude marcará os próximos anos se obteño a confianza desta Cámara. Especialmente para garantir que o bloqueo sufrido en España nos últimos meses non impida cumprir os compromisos que o Estado ten desde hai moito máis de dez meses con Galicia. O exemplo máis claro disto que lles digo é a alta velocidade, que pediremos que se complete. Tanto nas actuacións xa planificadas, especialmente para as planificadas no Horizonte 2018, como para incluír outras novas que tamén son imprescindibles, como a conexión do AVE ata Lugo e Lugo-Ourense-Madrid en menos de tres horas. E a isto non imos renunciar. (*Aplausos.*)

Neste punto, señorías, quixera trasladar que conto co apoio de todos os grupos para defender que Galicia non pode pagar co AVE que está pendente desde hai décadas nin os privilexios orzamentarios que algúns queiran obter nin tampouco a factura da parálise que houbo por causa de quen se empeñou en prolongala durante case un ano.

Son plenamente consciente de que a situación nacional exige máis vontade de diálogo e pactos que nunca. A maioría aberta que lles propono desenvolver en Galicia con máis motivo tense que practicar no conxunto do Estado, dada a aritmética parlamentaria.

Esta situación non é nova. Non hai tantos anos que outro Goberno central xa gobernou en minoría. Pero a miña petición, a miña confianza e tamén o meu compromiso son que o guión que se siga non sexa o mesmo que a última vez que ese Goberno gobernou en minoría. Daquela volta, o resultado non foi favorable porque aquela situación —todos o recordamos— derivou no sometemento de dezaseis comunidades autónomas ao interese dos grupos políticos dunha comunidade restante, que, sendo importante, non é máis importante que as demais.

A estabilidade parlamentaria do noso país é fundamental. Pero non se conseguirá nin á custa de investimentos ou de calquera outra necesidade de financiamento de Galicia nin de ningunha outra comunidade. O resultado de negociar así xa o vimos: foi un histórico fracaso.

Señorías, Galicia pedirá sempre dous requisitos previos nas relacións co Goberno central e coas restantes autonomías: lealdade e unidade. Sen eles, toda posible resposta ao problema presentado por algunhas de forma unilateral e ilegal será un engano con nefastas consecuencias para a estabilidade da nosa democracia; consecuencias que afectarían o modelo autonómico, consecuentemente o autogoberno de Galicia. Por iso estaremos vixiantes e tentaremos sempre sumar, e non restar. Refírome, en consecuencia, á unidade.

Velaí un aspecto obxectivo e fundamental que cómpre non desvirtuar para enfocar axeitadamente a participación do noso país nas tarefas comúns. Non existe un espazo estatal e

outro autonómico, senón que ambos son o mesmo. Por iso aludir ás *relacións entre Galicia e o Estado*, ou entre calquera outra comunidade autónoma e o Estado, é no mellor dos casos un mal costume da fala ordinaria, e no peor unha trampa coa que se queren abonar propostas soberanistas.

De acordo con este principio —establecido con precisión inequívoca no artigo 137 da Constitución—, o desenvolvemento da España das autonomías ten que vir prioritariamente da maior, máis intensa e máis frecuente participación das comunidades na definición das políticas do Estado.

A reclamación de Galicia —que pasa a ser modelo de estabilidade e fortaleza política— consiste en ampliar a conexión dos órganos centrais e autonómicos a fin de transformar o Estado nunha auténtica comunidade de autonomías. Aspiramos a unha conexión ampla e permanente que permita que a vontade estatal sexa un agregado no que participen tamén as vontades autonómicas. Non hai máis que desprezar a idea motriz do título VIII da Constitución española, sen necesidade de prolixas e controvertidas reformas constitucionais; establecer que a Conferencia de Presidentes deixe de ser excepcional e case simbólica para converterse en ordinaria e efectiva. Iso na miña opinión, na nosa opinión, sería un paso cara a adiante (*Aplausos.*)

Non hai peor inimigo do debate sobre o modelo territorial que o nominalismo. Obríganos a discutir sobre palabras que axiña se convirten en etiquetas para acabar sendo eufemismo. É curioso que o *ismo* aparentemente máis desvalorizado sexa o que ofrece máis precisión e, de momento, máis consenso. Refírome ao autonomismo.

Sabemos que é a autonomía. Está plasmada nos estatutos e xa ten un período de funcionamento razoable. Ignoramos, porén, en que consiste o federalismo que se propón ou o Estado plurinacional, que funciona como un mantra para algúns sectores.

Aos que urxen unha reforma inmediata da Constitución a fin de dar resposta ao desafío secesionista hai que preguntarlles: ¿para que? e ¿para quen?

O apartado primeiro do artigo 138 da Constitución sinala que o Estado ten que velar pola solidariedade e o equilibrio económico entre os territorios. ¿Este é un mandato obsoleto?

O apartado segundo advirte de que as diferenzas entre estatutos non poderán implicar privilexios económicos ou sociais. ¿Hai que derrogar este apartado?

O artigo 139 da Constitución establece os mesmos dereitos e obrigas para os españois de todo o territorio do Estado. ¿Podemos considerar unha antigalla algo que rexe en todos os países democráticos?

Cómpre explicitar o para que antes de embarcarnos nun debate deste calibre. E convén aclarar de antemán se se trata de favorecer o funcionamento do Estado autonómico no seu conxunto ou de aplacar determinados dirixentes de determinadas comunidades autónomas. Galicia non pode apoiar un proceso que carece de rumbo e de punto de chegada, nin tam-

pouco un trato de favor á insubordinación sistemática ao marco legal que fixemos entre todos. (*Aplausos.*)

Permítanme engadir algo máis neste capítulo. Señorías, seguro que vostedes estarán de acordo en que resulta sorprendente que algúns que avogan por unha reforma urxente da Constitución, ou mesmo por un novo proceso constituínte, sexan reticentes aos pactos políticos transversais. Na súa cultura política existen os Capuleto e os Montesco; nela hai partidos cos que se debe practicar unha sorte de *apartheid*. Superar eses prexuízos anómalos en calquera demócrata sería unha condición necesaria para unha eventual reforma que prosperase.

Vou rematando xa, señorías. Agradezo a súa paciencia.

Nada do que lles referín ata aquí encherá as expectativas dos galegos se a retórica desta tribuna non se traduce en feitos. Son perfectamente consciente da inmensa responsabilidade que o meu pobo, a Galicia que sinto, a Galicia que amo, a Galicia que respecto, me proporcionou. Mais non sentiría, non amaría, non respectaría a Galicia democrática se pensase que esa responsabilidade é infinita en funcións e en tempo.

Galicia é a miña terra, pero Galicia non é exclusivamente miña ou de ninguén desta Cámara, porque Galicia é de todos. (*Aplausos.*) Señorías, Galicia é dos que ocupamos as bancadas do Goberno e dos que ocupan as bancadas da oposición; é dos que nos puxeron cos seus votos neste Parlamento e dos que preferiron quedar na casa; é dos que seguen esta sesión e tamén dos que non queren saber nada de nós. Galicia é de todos, e todos temos a responsabilidade de facela nosa para que os nosos fillos poidan ter a oportunidade de facela súa. Velaquí o momento, velaquí o motivo, velaquí a obriga dos que estamos chamados a responder co noso traballo ás preguntas que nos foron formuladas.

Sei que a pasada lexislatura non constitúe o mellor exemplo de comportamento que debe presidir esta Cámara, pero a democracia non entende de rancores. Os pecados que se puideron cometer entre estes muros xa foron espiados nas urnas. Por iso non exixo o respecto para min, para o meu Goberno ou para o meu grupo; exixo o respecto para a maioría dos galegos aquí representados. (*Aplausos.*) Exixo o respecto como cidadán, e pido colaboración como político para que a nosa responsabilidade que nos outorgou o noso pobo a todos e a cada un de nós se manifeste nos froitos do noso traballo.

Se en 2009 contaba o grupo ao que pertenzo con trinta e oito deputados, se en 2012 con corenta e un, e agora outra vez con corenta e un e aínda con máis votos detrás, é porque entendo a maioría absoluta non como un absolutismo pechado senón como un consenso aberto ao cal se poidan sumar sempre máis galegos, tamén vostedes.

Malia todas as decepcións acumuladas desde 2009, malia a resposta negativa da oposición, salvo excepcións —que as recordo moi ben as excepcións e os grupos—, cada vez que os galegos nos pedían sumar esforzos para combater a crise, a maioría das veces non os tivemos. Pero asegúrolles que teño a mesma disposición que o primeiro día para incorporar a todos a unha política de país, porque Galicia nunca exclúe a ninguén.

Hai unha maioría que está aberta a todos os galegos e aberta a todos os membros desta Cámara. O primeiro paso para poñernos a traballar xuntos e poder compartir responsabilidades, que nun sistema parlamentario non atinxe unha única persoa, é aceptar o resultado da votación que porá fin a este debate o próximo xoves.

Se cremos na democracia por riba das filias e fobias persoais, no progreso por riba das loitas partidistas e en Galicia por riba de todo, estou seguro de que os votos negativos que poida recibir na miña investidura non serán un freo para o progreso desta terra, do mesmo xeito que os favorables non poden ser un cheque en branco para o Goberno que aspiro a encabezar.

Fronte á democracia do *si* acrítico e do *non* cerril, os galegos sempre dixemos *depende*. Esperanzados no *depende*, esquezamos a dialéctica do aplauso fácil e o golpe na mesa, para que o único xesto que valla sexa o que mellore a vida dos nosos concidadáns, e para que o que substitúa o quen cada vez que nos interroguemos polo sentido do noso voto neste Parlamento.

Galicia e España construíronse sobre grandes consensos que podemos actualizar. Pero iso non será posible se antes non facemos un esforzo para recuperalos. Perder o medo ao acordo é o primeiro paso para afrontar o futuro sen covardía.

Os galegos non entenderían que os setenta e cinco deputados e deputadas desta Cámara non nos puxésemos de acordo á hora de defender todo aquilo que nos une, todo aquilo que forma parte da nosa personalidade como pobo e do noso futuro como país. Os galegos non entenderían, en definitiva, que os nosos egos estivesen por riba do autogoberno que a xenerosidade dos que nos precederon fixo posible.

Creo, sinceramente, que unha idea non é boa ou mala en función de quen a propoña, senón da nosa capacidade para poñela en práctica en beneficio da cidadanía.

Creo, sinceramente, que o consenso non é un fin en si mesmo, pero si o mellor medio para transformar o país, coa participación de todos os que representamos a súa pluralidade, sen exclusións, sen vetos e sen liñas vermellas.

Creo, sinceramente, que estamos ante outra oportunidade. Pero xa non é a primeira vez que vemos pasar o tren ás présas mentres nós discutimos.

Antes de que, cos seus votos, os cidadáns deste país xulgasen o proxecto político que tiveron a sorte de encabezar durante estes anos, pronunciei unha frase que condensa en cinco palabras o meu xeito de entender e de exercer a política a esta altura biolóxica e política na que me atopo: eu son militante de Galicia.

Creo que todos vostedes, a esquerda e a dereita, poden tamén facer súas estas verbas, e todos podemos levar ao día a día deste Parlamento o espírito do maior partido desta terra, o partido de 2.700.000 militantes: Galicia. (*Aplausos.*)

Señorías, exerzamos esa militancia para defender un dos nosos maiores sinais de identidade, pero tamén un gran activo co que afrontamos os retos que nos atoparemos: a nosa lingua.

Despois de impulsar, xunto coa sociedade civil, un plan de dinamización no ámbito económico, chegou o momento de facer o propio entre a mocidade, que é a dona da Galicia que vén.

Exerzamos esa militancia para preservar o noso pasado, a través da memoria dixital de Galicia, para que o noso presente bula coa posta en marcha dunha rede de dinamización cultural e para que a nosa cultura teña futuro, impulsada por novas accións como un plan para o sector audiovisual galego.

Exerzamos esa militancia para tender pontes, estreitar lazos e mostrar ao mundo o orgullo do que somos e representamos, non para separarnos entre nós ou os demais. Exerzamos esa militancia para trazar xuntos o noso futuro.

Os membros do Grupo Nós e das xa centenarias Irmandades da Fala, os insignes galeguistas da II República, os heroes da resistencia cultural e os pais da nosa autonomía, os presidentes Albor, González Laxe, Fraga e Emilio Pérez Touriño —todos eles desde pensamentos diferentes— compartiron unha mesma militancia: Galicia.

A súa primeira resposta sempre foi Galicia. Afirmaron Galicia e agora Galicia está presente, porque, malia as dificultades que afrontamos durante o último século, os galegos nunca deixamos de exercer do que somos: galegos. *(Aplausos.)*

Galicia está presente en todo o mundo, alí onde hai un galego, e debemos facela presente aquí mesmo, entre os que temos a honra de representalos a todos.

Señorías, preséntome a esta investidura para que os galegos estean presentes durante os vindeiros catro anos, do mesmo xeito que estiveron presentes en todas e cada unha das decisións que tomamos nos momentos máis difíciles.

Preséntome a esta investidura porque Galicia está presente no meu pensamento, no meu sentimento e no meu comportamento desde que son presidente da Xunta, e tamén antes. Porque Galicia ten presente e porque, sobre todo, estou convencido de que Galicia merece ter futuro. *(Aplausos.)*

Este futuro, señorías, trazárono as galegas e os galegos do mesmo xeito que trazan as vidas dos que estamos aquí. Nós estamos ao seu carón no que fan e á súa disposición no que deciden. Son as galegas e os galegos os que nos situaron aquí; é ás galegas e aos galegos aos que nos debemos; é ás galegas e aos galegos aos que lles debo todo o que son.

Eu non teño palabras para agradecer ás galegas e aos galegos a súa confianza, pero si lles podo asegurar que a miña resposta será poder mirarlles aos ollos cada día dos que estea aquí, ao seu servizo. E cando xa non estea aquí, despois de dar todo de min mesmo para cumprir coa maior honra da miña vida: Galicia, Galicia, Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos fortes e prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor candidato.


A intervención dos grupos parlamentarios será de acordo co disposto no artigo 136 do Regulamento, e será o día 10 de novembro, ou sexa, o xoves, pasadomañá, e será ás 11.30 horas da mañá.

Moitas grazas, suspéndese a sesión.

Suspéndese a sesión ás once e vinte e tres minutos da mañá.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez López, Álvaro	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Burgo López, María de la Concepción	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Cal Ogando, Marcos	(EM)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Casal Vidal, Francisco	(EM)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castro Domínguez, María Nava	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Cores Tourís, José Manuel	(P)	55. Rodríguez González, Román	(P)
18. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	56. Rodríguez Miranda, Antonio	(P)
19. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Fernández, Raúl	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Gil, César Manuel	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Fernández Prado, Martín	(P)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. López Abella, María Susana	(P)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. López-Chaves Castro, Ignacio Javier	(P)	68. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
31. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	69. Vázquez Almuíña, Jesús	(P)
32. Martínez García, Valeriano	(P)	70. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
33. Mato Otero, Beatriz	(P)	71. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
34. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	72. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	73. Vázquez Verao, Paula	(EM)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25